

Ramón Lamote, premiado

■ Paco Martín, escritor, continúa colleitando triunfos e galardóns por obra e gracia do seu, por agora, último libro: **Das cousas de Ramón Lamote**. O libro acadou o premio **Barco de Vapor**, e como tal premio foi publicado. Hai algún tempo este libro foi presentado no concello de Lugo polo seu autor. Agora **Das cousas de Ramón Lamote** foi seleccionado coma un dos mellores libros publicados dentro do seu xénero en todo o mundo. Paco Martín está vence-

llado a Lugo desde o seu propio nacemento, no barrio de Recatelo, hai 86 anos. Especial atención adicou, na súa obra, ós nenos. Desta maneira a obra **Sabeliña e os ratos**, foi gañadora do certame de contos para nenos convocado pola agrupación **O Facho**. Tamén é autor de **Muxicas no espello**, libro de relatos publicado en 1971, **O libro das adiviñas**, **No Cadeixo**, e **E agora cun ceo de lama**. A súa preocupación pola literatura infantil, probable-



mente atizada pola súa profesión, profesor de Ensino Xeral Básico, queda mesmamente reflexada na publicación de **Axóuxere**, semanario infantil publicado como suplemento de **La Región**, codirixido con Ulises Sarry e Xan Balboa. Un dos máis prestixiosos escritores galegos de hoxe, Paco Martín merece se cadra a crítica de que o seu quefacer profesional, a profesión que elixiu para vivir, non lle deixa tempo abondo para crear. ■